



BIBLIOTECA

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



IX

RECOLLIDA

DE

NANOCONTOS

# **1º PREMIO** **(CATEGORÍA A: 1º E 2º ESO)**

“A resposta está no vento, filliña”, díxome a miña avoa unha vez. A miña avoa ten unhas manías moi raras, pero só vos vou contar que sempre leva gafas de sol. Dálle igual que chova ou que sexa de noite. E un día pregunteille: “Avoa, por que sempre levas gafas de sol?” E ela respondeume: “A resposta está no vento”. Eu creo que me contestou isto porque... nin ela sabía o porqué; pero a súa resposta fíxome pensar, e ten razón. A resposta está sempre no vento. Xa, xa sei que é unha resposta sen sentido, pero iso non importa: dalle ti o teu propio significado.

(Autora: Laura González Trillo-1º ESO A)

## **2º PREMIO** **(CATEGORÍA A: 1º E 2º ESO)**

“A resposta está no vento”, dicía miña avoa, e canto a boto de menos! Ela morreu hai un ano e recordo con agarimo as súas palabras cando me contaba o que lle sucedera unha fría noite de inverno mentres esperaba a chegada do seu pai no peirao: “Semellaba que o ceo ía caer enriba das nosas cabezas pola tormenta, cando ao lonxe vimos unha luz. Pensamos que era o barco do meu pai, pero non foi así. Ás poucas horas apareceu o barco no peirao e meu pai contaba como chegara grazas a unha pequena luz que os guiara toda a travesía” Como podía ser iso? A RESPONSTA ESTÁ NO VENTO.

(Autora: María Brea Formoso-1º ESO A)

# **1º PREMIO** **(CATEGORÍA B: RESTO DE CURSOS)**

“A resposta está no vento”. Aquelas palabras fixeron que un desacougo brotase en min. As bágoas apoderáronse dos meus ollos e as nosas mans entrelazadas separáronse. Era consciente do que estaba pasando: a despedida estaba preto. Tantos anos xuntas, tantos momentos, tantas distancias... Pero iso estase acabando; non podo ser tan egoísta. Tes que ser libre, madurar, e cando o fagas, daraste conta das marabillas que te rodean, das novas historias creadas, que non serán como as que inventabamos cando nos sentíamos soas. Por unha vez serás feliz e eu estarei orgullosa de ti.

Atentamente: a túa nena pequena

(Autora: Nuria Caamaño Barreiros - 2ºBAC A)

## **2º PREMIO** **(CATEGORÍA B: RESTO DE CURSOS)**

A resposta está no vento: nin na carteira, nin no lucro, nin na lei. A resposta está no vento, no teu berro que, desatado, anuncia a revolución. A resposta está no vento, que che recorda fungando: “Non hai quen pare a nosa voz”.

(Autora: Antía Formoso Ventura-4º ESO A)